

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DA FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (FUNDACIÓN TIC)-ESCOLA DE IMAXE E SON E CENTRO DE PRODUCCIÓN DE PROGRAMAS”.



<u>CLÁUSULAS</u>	
PRIMEIRA. – OBXECTO DO CONTRATO	3
SEGUNDA. – ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.....	3
TERCEIRA. – RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN	4
CUARTA. – VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN.	4
QUINTA. – DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN	5
SEXTA.- FINANCIACIÓN.....	5
SETIMA. – REVISIÓN DE PREZOS	6
OITAVA. – CAPACIDADE PARA CONTRATAR. SOLVENCIA.	6
NOVENA. – PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.....	7
DÉCIMA. – PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO.....	7
DÉCIMO PRIMEIRA.- GARANTÍAS ESIXIDAS.....	8
DÉCIMO SEGUNDA. – LUGAR, E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS.	8
DÉCIMO TERCEIRA. – CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	9
DÉCIMO CUARTA. – CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS.....	10
DÉCIMO QUINTA. – MESA DE CONTRATACIÓN.	11
DÉCIMO SEXTA. – EXAME DAS OFERTAS	12
DÉCIMO SÉTIMA. – DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO CONTRATISTA EN CASO DE RESULTAR ADXUDICATARIO.	12
DÉCIMO OITAVA. – ADXUDICACIÓN.....	15
DÉCIMO NOVENA. – .FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.....	15
VIXÉSIMA. – RESPONSABLE DO CONTRATO.....	16
VIXÉSIMO PRIMEIRA. – CUMPRIMENTO DO CONTRATO.....	16
VIXÉSIMO SEGUNDA. – OBRIGAS DO CONTRATISTA. GASTOS E IMPOSTOS.	16
VIXÉSIMO TERCEIRA. – PAGAMENTO.	22
VIXÉSIMO CUARTA. - MODIFICACIÓN DO CONTRATO	24
VIXÉSIMO QUINTA. - RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO.....	24
VIXÉSIMO SEXTA. – RÉXIME DE INVALIDEZ DO CONTRATO.	24
VIXÉSIMO SÉTIMA. – SUSPENSIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO	24
VIXÉSIMO OITAVA. - PRAZO DE GARANTÍA. DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.....	24
VIXÉSIMO NOVENA. - PROPOSTAS DE MELLORA OU MODIFICACIÓNS NO SERVIZO.....	25
TRIXÉSIMA. – SUBCONTRATACIÓN.....	25
ANEXO I (Incluír no sobre A)	26
ANEXO II (Incluír no sobre A)	27
ANEXO III: MODELO DA PROPOSICIÓN ECONÓMICA (Incluír no sobre B)	28
ANEXO IV: MODELO DE AVAL (GARANTÍA DEFINITIVA).....	29
ANEXO V: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE EXENCIÓN DO PAGO DO IAE	30

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DO "SERVIZO DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DA FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (FUNDACIÓN TIC)-ESCOLA DE IMAXE E SON E CENTRO DE PRODUCCIÓN DE PROGRAMAS"

PRIMEIRA. – OBXECTO DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto a contratación do "servizo de limpeza das instalacións da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (Fundación TIC) – Escola de Imaxe e Son e Centro de Producción de Programas", nos termos contidos neste prego de cláusulas administrativas particulares e segundo as especificacións contidas, á súa vez, no prego de prescricións técnicas, que ao igual que o presente prego ostentarán carácter contractual, conforme prevén os artigos 26, 109 e 115 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP), polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade, polo adxudicatario, no mesmo acto de formalización do contrato. Así mesmo, revestirán carácter contractual as melloras que de índole económica ou técnica presentase o adxudicatario e fosen aceptadas pola Fundación TIC.

O presente contrato contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura da Clasificación de Produtos por Actividades (CPV), recollida no Regulamento (CE) Nº 213/2008 da Comisión de 28 de novembro de 2007 que modifica o Regulamento (CE) Nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), e a Directiva 2014/24/CE, no referente á revisión do CPV.

- 90911200-8 Servicios de limpieza de edificios.

As necesidades administrativas a satisfacer mediante este contrato son a limpeza das dependencias descritas coa finalidade de unha correcta prestación dos servizos que ten encomendados aos cidadáns e destinatarios; así como unha adecuada utilización dos mesmos polo persoal que presta os seus servizos no centro.

En caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos documentos contractuais, prevalecerá o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

SEGUNDA. - ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O organo de contratación que actuará en nome da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas, á adxudicación e aos restantes actos procedimentais é o Presidente do Padroado.

O Presidente da Fundación TIC ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu

cumprimento, modifícalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición civil.

TERCEIRA. - RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos, de conformidade co establecido no artigo 10 do TRLCSP que establece que son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dun subministro, e que se dividen nas categorías enumeradas no Anexo II.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do TRLCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4.

Ao contrato élle de aplicación o TRLCSP, xa que a Fundación TIC, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.f.

Trátase dun contrato privado de acordo co disposto no artigo 18 do TRLCSP, e rexerá en canto a súa preparación e adxudicación polas Instrucións internas da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías de Información e da Comunicación (TIC), reguladoras dos procedementos de adxudicación dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada e de preparación de todos os contratos, e polo TRLCSP e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado. En canto aos seus efectos e extinción, rexerá polo dereito privado (art 19 TRLCSP)

CUARTA. – VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN.

O valor estimado do contrato, de acordo co previsto no artigo 88.1 do TRCLSP, é de 90.962,49 euros (sen incluír o IVE).

O orzamento base de licitación (art. 87 TRLCSP) fíxase na cantidade de 90.962,49 euros máis 19.102,12 euros en concepto de I.V.E, ascendendo a un total de cento dez mil sesenta e catro con sesenta e un céntimos (110.064,61 €) IVE engadido.

O prezo total indicado constitúe a cantidade á que, como máximo, poderá adxudicarse o contrato, entendendo que o mesmo inclúe calquera tributo, gasto ou custo que poida repercutir no prezo final, salvo o IVE que deberá soportar o contratante, que se indicará como partida independente.

Nembargante, o prezo que rexerá durante a execución do contrato será o ofertado polo adxudicatario, que poderá incluír na súa oferta melloras á baixa sobre o tipo de licitación, para o que deberá ter en conta que a devandita baixa deberá comprender tamén os tributos e gastos sinalados na presente cláusula.

QUINTA. – DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de duración do contrato será de dous anos.

A entrada en vigor da presente contratación será a partir da formalización do contrato, data na que se realizará tamén a sinatura da acta de inicio de prestación do servizo.

De producirse atraso no cumprimento dos servizos por causas non imputables ao contratista, a Fundación TIC poderá a petición deste ou de oficio, conceder unha prórroga que será polo menos por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no artigo 213.2 do TRLCSP.

Non obstante, e dadas as peculiaridades do interese público singular que se está a protexer, se o contrato finaliza antes da adxudicación e formalización dun novo contrato, o servizo seguirase a prestar ata a nova adxudicación, cun límite máximo de catro meses, co obxecto de non perxudicar o normal funcionamento dos servizos.

SEXTA.- FINANCIACIÓN.

O Prezo total do contrato ascende a 110.064,61 euros. (IVE engadido), financíase do seguinte xeito:

- 11.370,31 euros para a anualidade 2016, aos que se engadirán 2.387,77 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 13.758,0896 euros ano.
- O Compromiso de incluír no orzamento da anualidade 2017 a contía de 45.481,25 aos que se engadirán 9.551,06 euros en concepto de IVE, queda supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.
- O Compromiso de incluír no orzamento da anualidade 2018 a contía de 34.110,93 aos que se engadirán 7.163,30 euros en concepto de IVE, queda supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiareanse de acordó ao establecido no artigo 174 do Real Decreto Lexilativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

SETIMA. – REVISIÓN DE PREZOS

En atención ao disposto polo art. 89.2 do TRLCSP, e de conformidade co establecido nos artigos 4 e 5 da Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, o contrato regulado neste prego non poderá ser obxecto de revisión de prezos.

OITAVA. - CAPACIDADE PARA CONTRATAR. SOLVENCIA.

1. Están facultados para tomar parte na licitación e contratar coa Fundación TIC, de conformidade co artigo 54 do TRLCSP, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias ou prohibicións contidas no artigo 60 do TRLCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e disporán dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato. Ademais, os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato (art. 54.2 do TRLCSP).

Os que contraten coa Fundación, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas ao efecto.

2. Ademais dos requisitos salientados, o contratista proposto como adxudicatario (e só éste) deberá acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica a través dos medios de xustificación que, ao amparo dos artigos 62, 74, 75 e 77 do TRLCSP, se recollen na cláusula 18ª do presente prego, de conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP engadido pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización.

3. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo. (artigo 59 do TRLCSP). Nas unións temporais de empresarios cada un dos que a compoñen deberá acreditar a súa capacidade e solvencia, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes desta.

Aos efectos da contratación os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúen e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de se constituír formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación á que fai referencia a cláusula 18 deste prego.

A solvencia técnica ou profesional acreditarase presentando clasificación no Grupo U, Subgrupo U1, CPV 90911200-8

NOVENA. – PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

O contrato será adxudicado mediante tramitación ordinaria, procedemento xeral. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención á forma establecida nas Instrucións internas 9 e 14 a 18 da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías de Información e da Comunicación (TIC), reguladoras dos procedementos de adxudicación dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada e de preparación de todos os contratos.

De conformidade co disposto coa Instrucción 15, no procedemento xeral toda empresa e ou empresario interesado poderá presentar unha proposición.

DÉCIMA. – PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO

O presente procedemento estará suxeito a Instrucción 15ª das Instrucións Internas da Fundación TIC: Todo contrato que se licite polo procedemento xeral deberá publicarse no perfil de contratante da Entidade.

No anuncio que se publique no perfil do contratante da páxina web da Fundación Tic contará cos seguintes datos:

- Obxecto do contrato
- Lugar de execución
- Tipo de procedemento de adxudicación
- Valor estimado do contrato
- Prazo de execución
- Requisitos esixidos ao licitador
- Lugar en que pode solicitarse información complementaria
- Data límite de recepción de ofertas e lugar de entrega.
- Adxudicación: de acordo co previsto na Instrucción 29 a adxudicación publicarase na web da Fundación TIC-www.fundaciontic.org, no menú fundación –contratacións públicas/perfil do contratante.
- Formalización. A formalización publicarase no sitio web da Fundación TIC-www.fundaciontic.org, no menú fundación –contratacións públicas/perfil do contratante.

DÉCIMO PRIMEIRA.- GARANTÍAS ESIXIDAS.

Garantía definitiva

O licitador no que se adxudique o contrato, deberá acreditar, no prazo indicado na cláusula 17ª, a constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE (artigo 95 do TRLCSP).

A garantía poderá constituírse, de conformidade co artigo 96 do TRLCSP, en metálico, mediante aval, en valores de débeda pública, por contrato de seguro de caución, cos requisitos establecidos nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesourería da entidade contratante.

Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, readaptarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 99 do TRLCSP.

No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixidas ao adxudicatario, éste deberá repoñer ou ampliar a garantía na contía que corresponda no prazo de quince días, contado dende a data en que se fagan efectivas, se é o caso, as penalidades ou indemnizacións, incorrendo, no caso contrario, en causa de resolución.

Cando por causas imputables ao adxudicatario no se formalice o contrato dentro do prazo indicado ou se incumpran as obrigas que impón ao contratista o artigo 151.2 do TRLCSP, a Fundación TIC poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva dun 3% do orzamento base de licitación (IVE excluído).

DÉCIMO SEGUNDA. – LUGAR, E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS.

O prazo de presentación de ofertas será de dez días naturais, contados dende a publicación do anuncio no perfil do contratante da Fundación Tic. Se o último coincidise en sábado, domingo ou festivo, entenderase prorrogado ata o seguinte día hábil.

A presentación de ofertas poderá realizarse ben persoalmente, no Rexistro xeral da Fundación TIC, ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado, ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en adiante LRXPAC).

No caso de envío por correo ou en calquera das dependencias recollidas no artigo 38.4 da LRXPAC, o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día á Fundación TIC (a través do rexistro da entidade contratante), por fax, telegrama ou email (contratación@fundaciontic.org), a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado na carta de convite. Transcorridos,

non obstante, dez días dende a data sinalada na carta de convite como data límite, sen que a proposta se tivese recibido, esta en ningún caso será admitida.

O Rexistro xeral da Fundación TIC, ten horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Toda a documentación da proposición presentada deberá estar redactada en galego ou en castelán de conformidade coa Disposición adicional primeira do TRLCSP e co art. 35.d) da Lei 30/1992 (LRXPAC), A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial ao castelán ou galego.

A presentación da proposición presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego e do prego de prescricións técnicas, sen salvedade algunha.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativas na oferta presentada por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

DÉCIMO TERCEIRA. – CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN

1. OFERTA ECONÓMICA: Se valorará dende 0 ata 95 puntos.

Para a valoración deste apartado terase en conta:

- Aquelas ofertas que igualem o prezo de licitación serán valoradas con 0 puntos.
- Criterio de oferta desproporcionada ou anormal: ver cláusula 13ª.
- Puntuaranse as ofertas proporcionalmente á baixada ofertada, de acordo coa seguinte fórmula:

$$P_o = POE * \frac{(OL - O_i)}{(OL - O_b)}$$

Onde:

P_o = puntuación da oferta

POE = puntuación da oferta económica: 95 puntos

OL = orzamento de licitación - CF

O_i = oferta presentada -CF

O_b = oferta máis baixa presentada -CF

2. FOMENTO DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA: Se valorará desde 0 e ata os 5 puntos.

Valorarase a empresa que no momento da presentación da proposición teña maior número de traballadores con contrato indefinido en relación co número total de traballadores contratados no ámbito funcional do convenio sectorial da limpeza. Valorarase coa máxima puntuación a empresa

que teña maior porcentaxe de traballadores con contrato indefinido sobre o total de traballadores contratados. O resto valoraranse proporcionalmente a ésta.

As ofertas valoraranse utilizando a seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación} = 5x \frac{T}{TM}$$

- T: Porcentaxe de traballadores indefinidos do licitador a considerar

- TM: Porcentaxe traballadores indefinidos do licitador que maior porcentaxe de traballadores indefinidos teña.

DÉCIMO CUARTA. – CONTIDO DAS PROPOSICIÓN

Os licitadores deberá presentar a súa proposta dentro do prazo indicado na cláusula 12ª e, en cada un dos sobres que se citan nos apartados 1 e 2 desta cláusula, no anverso dos que deberá figurar a lenda seguinte:

<< SOBRE " " (segundo proceda: "A" ou "B") comprensivo de _____ (segundo proceda "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA" "CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN) que presenta Dª./D. _____, en nome e representación da empresa " _____ ", con domicilio _____, teléfono _____ Fax _____ e correo electrónico _____, para tomar parte no procedemento aberto do contrato do servizo de limpeza das instalacións da Fundación TIC-Escola de Imaxe e Son e Centro de Producción de Programas, expediente EXP01-FTIC16-SE-NSO convocado pola FUNDACIÓN TIC.

En _____, ___ de _____ de 2016.-

(Sinatura do representante e selo da empresa)

Así mesmo, e co obxecto de axilizar o proceso da adxudicación, o contratista facilitará un número de fax á Fundación TIC e unha dirección de correo electrónico, ós efectos de que as comunicacións previas á proposta de adxudicación, esta mesma, a notificación, así como outros actos posteriores, se poidan realizar por calquera destes medios.

Para iso deberá presentar un documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

<<D/Dª , no seu propio nome (ou: na representación da empresa), acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice a Fundación TIC para o contrato do servizo de limpeza das instalacións da Fundación TIC-Escola de Imaxe e Son e Centro de Producción de Programas, expediente EXP01-FTIC16-SE-NSO, se realicen mediante o seu envío ó Fax número:ou á dirección de correo electrónico:.....

En , de de 2016

O Contratista, (Sinatura do representante e selo da empresa).

I. Sobre A: Subtitulado "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA", que contendrá unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Fundación TIC. O licitador no que recaiga a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos noda cláusula Décimo sétima deste prego.

Para garantir o bo fin do procedemento, o órgano de contratación poderá recabar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

O momento decisivo para apreciar a concurrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

II. Sobre B: Subtitulado " CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN", que conterá as especificacións técnicas e as relativas ao prezo e ao fomento da contratación indefinida.

DÉCIMO QUINTA. – MESA DE CONTRATACIÓN.

O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de contratación, que será o órgano competente para a cualificación e comprobación da documentación achegada polos interesados e para elevar posteriormente a correspondente proposta de adxudicación.

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP, a Mesa de Contratación asistirá ao órgano de contratación, estará integrada por:

PRESIDENTE:

- A Xerente da Fundación TIC

VOGAIS:

- 1 funcionario do servizo de contratación da Deputación de Lugo
- 1 funcionario da unidade de portería e vixilancia
- A interventora da Fundación Tic

SECRETARIO:

- Secretario da Fundación Tic
-

DÉCIMO SEXTA. – EXAME DAS OFERTAS

A Mesa de contratación terá a función de cualificación e comprobación da documentación achegada polos interesados e para elevar posteriormente a correspondente proposta de adxudicación

Concluído o prazo de presentación de ofertas, examínase a documentación achegada polo interesado, outorgando no seu caso un prazo de subsanación non superior a tres días hábiles, e solicitando, se fose necesario, as aclaracións ou documentación complementaria a que se refire o artigo 82 do TRLCSP.

Concluído o prazo de presentación de ofertas, procederase pola Mesa de contratación a apertura da documentación presentada polos licitadores incluída no sobre A e no caso de atopala correcta procederase a apertura do sobre B da oferta económica.

A puntuación total e a identificación da oferta economicamente máis vantaxosa será o resultado de sumar os puntos obtidos coas ofertas presentadas (Cláusulas 13) de este prego de condicións. No caso de empate nos criterios de negociación e a efectos da clasificación das empresas aplicarase a previsión contida na Disposición adicional cuarta apartado 2 do TRLCSP (Ver Anexo V).

A Mesa de contratación, tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que estime oportunos, elevará ao órgano de contratación a valoración dos criterios indicados na cláusula 10.2 do presente prego, acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos.

DÉCIMO SÉTIMA. – DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO CONTRATISTA EN CASO DE RESULTAR ADXUDICATARIO.

17.1 De conformidade coa instrucción 27, o Presidente da Fundación TIC requirirá ao contratista, en caso de resultar adxudicatario, para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a seguinte documentación:

17.2 A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias realizarase presentando a seguinte documentación, de acordo cos artigos 13 e 15 do Regulamento Xeral da LCAP:

1- Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta neste, cando esta sexa recente e non xurda aínda a obriga de pagamento. A alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade ou no suposto de non estar obrigado ao pagamento. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que os faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen e deberá ir acompañada dunha declaración xurada de non ter causado baixa no referido/s epígrafe/s. No suposto de que o contratista estea exento do pagamento deberá acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable (ver modelo Anexo V).

2- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigas tributarias con este último.

3- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración da Deputación Provincial de Lugo, polo que acredite a circunstancia de non ter débedas tributarias en período executivo con esta.

4- Certificación expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

5- Certificación do Rexistro Mercantil ou declaración responsable, de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

6- Resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do importe de adjudicación do contrato, excluído o IVE, constituído de conformidade co disposto neste prego.

7- Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 72 do TRLCSP e 21 RXLC):

a) Empresario Individual:

Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte ou documento que o substitúa regulamentariamente) e do Número de Identificación Fiscal (se non aparecera reflectido no DNI).

b) Persoas Xurídicas:

- Fotocopia do CIF da empresa.

- Fotocopia do DNI (ou pasaporte ou documento que legalmente o substitúa) do representante da empresa

- Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil ("Caxetín" do Rexistro). No caso de que, conforme á lexislación mercantil, non fora esixible á persoa xurídica a súa inscrición no Rexistro Mercantil, para acreditar a capacidade de obrar, deberá presentarse escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, onde consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

c) Cando o contratista actúe mediante representante, ou se trata dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado) pola Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea, deberán acreditar a súa capacidade de obrar pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación. As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade

de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España en cuxo ámbito radique o domicilio da empresa. As empresas estranxeiras, membros da comunidade europea ou non, deberán presentar declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante. Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativa a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

8- Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica conforme ao establecido nos artigos 62, 74, 75 e 76 do TRLCSP.

8.1.- A solvencia económica e financeira poderá acreditarse, a elección do organo de contratación, por un ou varios dos medios indicados no Artigo 75 do TRLCSP, que se relacionan seguidamente:

Volumen anual de negocios, o bien volumen anual de negocios en el ámbito al que se refiera el contrato, por importe igual o superior al exigido en el anuncio de licitación o en la invitación a participar en el procedimiento y en los pliegos del contrato o, en su defecto, al establecido reglamentariamente.

8.2 .- A Solvencia técnica e profesional poderá acreditarse por un dos medios previstos no art. 78 do TRLCSP:

Declaración indicando la maquinaria, material y equipo técnico del que se dispondrá para la ejecución de los trabajos o prestaciones, a la que se adjuntará la documentación acreditativa pertinente.

9- Cada un dos empresarios que concorran agrupados en unións temporais deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica, coa presentación da documentación á que fan referencia os apartados anteriores.

17.3 Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de acharse ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que se achan ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado haberá de referirse aos doce últimos meses.

DÉCIMO OITAVA. – ADXUDICACIÓN.

De conformidade co artigo 151.3 do TRLCSP, o Presidente da Fundación TIC, deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación referida na cláusula anterior.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego (artigo 151.3 do TRLCSP). Non obstante, nos termos previstos no artigo 155 do TRLCSP, a Fundación TIC, antes de ditar a adxudicación, poderá renunciar a asinar o contrato por razóns de interese público, ou desistir do procedemento tramitado, cando este adoeza de defectos non subsanables, debendo de indemnizar os contratistas, en ambos os dous casos, dos gastos que a súa participación na licitación lles efectivamente ocasionase.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase ao candidato e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 do TRLCSP).

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os contratistas ou candidatos designasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de Xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. O prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, será de cinco días.

DÉCIMO NOVENA. – .FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

19.1. - O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de quince días hábiles dende a data da notificación da adxudicación, o documento administrativo de formalización do contrato, ao que se unirá, formando parte do contrato, o prego de cláusulas administrativas particulares e a fianza definitiva.

19.2. - O contrato formalizarase ante o Secretario do Padroado da Fundación:

Actuará como representante da Fundación TIC, o Presidente – en base as funcións que lle confiren os estatutos reitores da mesma e, como representante do contratista quen así o teña acreditado no expediente, salvo presentación de novos documentos e poderes notariais que verifiquen o outorgamento desa representación a persoa distinta. Dito contrato formalizarase ante a Secretaría da Fundación TIC.

Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

19.3. - Se por causa imputable ao adxudicatario non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a súa resolución, seguindo para tal efecto o procedemento establecido no artigo 109 do Regulamento Xeral da LCAP. En tal suposto, se procederá a reclamarlle os danos e prexuízos ocasionados a Deputación Provincial de Lugo.

Nestes casos, a Administración, de conformidade co establecido no artigo 151.2 e 156.4 do TRLCSP, poderá efectuar unha nova adxudicación ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que quedaran clasificadas as súas ofertas, sempre que iso fose posible.

19.4.- O Contrato poderase asinar mediante firma electrónica.

VIXÉSIMA. – RESPONSABLE DO CONTRATO

A Fundación TIC poderá designar, de conformidade co artigo 52 do TRLCSP, unha persoa física ou xurídica, vinculada ou allea a ela, como responsable do contrato, quen supervisará a súa execución, comprobando que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación. O responsable do contrato será a Xerente da Fundación TIC.

A empresa adxudicataria deberá designar a un delegado ou interlocutor que se responsabilice ante a Fundación TIC do cumprimento do contrato e do desenvolvemento das prestacións.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. – CUMPRIMENTO DO CONTRATO.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da entidade.

A contratación que regula este prego está efectuada a risco e ventura do contratista que resultase adxudicatario, quen non terá dereito a indemnización algunha por perdas, avarías ou prexuízos que podan ser ocasionados nos mesmos durante ou con motivo da execución. A súa execución deberá realizarse dentro do prazo sinalado.

A conformidade da factura mensual expresada por parte do Responsable do Contrato terá os efectos do acto formal e positivo de recepción total ou parcial recollido no artigo 222 do TRLCSP – debido ás características do servizo.

Se o servizo non está na condición de ser recibido, deberá facerse acta que conteña este extremo, dándosele ao adxudicatario as instrucións precisas para que emende os defectos observados, de conformidade co pactado, sen prexuízo das consecuencias que disto se puidesen derivar. No caso de que o contratista realizase defectuosamente o obxecto do contrato, o Presidente da Fundación TIC, poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impoñer unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 por 100 do orzamento do contrato.

VIXÉSIMO SEGUNDA. – OBRIGAS DO CONTRATISTA. GASTOS E IMPOSTOS.

22.1 O contratista virá obrigado a manter durante toda a vixencia do contrato as condicións referidas a

súa capacidade de obrar, solvencia e as sinaladas no artigo 60 do TRLCSP. A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista. (art. 215 do TRLCSP)

22.2 Serán obrigas xerais do contratista, ademais das contidas noutras cláusulas deste prego, as seguintes:

- . A empresa adxudicataria deberá contar cunha infraestrutura adecuada para a execución do servizo.
- . O contratista adxudicatario deberá aportar a súa propia dirección e xestión do contrato, sendo responsable da organización do servizo, así como da calidade técnica dos traballos que desenvolva.
- . O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que lle corresponderá, a todos os efectos, a condición de empresario.
- . En relación ao establecido no artigo 301.4 do TRLCSP, á extinción do contrato de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato, como persoal da Fundación TIC.
- . É responsabilidade da empresa adxudicataria facilitar ós seus traballadores os medios materiais necesarios para o desenvolvemento do traballo.

22.3 Son de conta do contratista:

O pagamento de todo xénero de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias de administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen, salvo o IVE que deba ser soportado pola Fundación TIC.

Calquera gasto a que houberse lugar para a correcta execución do contrato.

1. A indemnización dos danos que podan causarse á entidade contratante ou a terceiros, como consecuencia das operacións que requiran a correcta execución do contrato, salvo se eses prexuízos estivesen causados por unha orde directa e inmediata de dita entidade (artigo 214 do TRLCSP). O contratista será responsable igualmente dos danos e perdas que se orixinen durante a execución do contrato, tanto para a Fundación TIC como para terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas do seu traballo, ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios nos que o traballo incorrera, de acordo co establecido no artigo 305 do TRLCSP. Se o contrato se executase de forma compartida con máis dun profesional, todos responderán solidariamente das responsabilidades a que se refire esta cláusula.
2. Toda reclamación relativa á propiedade industrial, intelectual ou comercial, debendo indemnizar á Fundación TIC dos danos e prexuízos que para a mesma puidesen derivarse da interposición de reclamacións, incluídos os gastos derivados dos que eventualmente puidesen dirixirse contra a mesma.

3. O adxudicatario queda expresamente obrigado a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que puidese coñecer con ocasión do cumprimento do contrato, especialmente os de carácter persoal, que non poderá copiar ou utilizar con finalidade distinta á que figura neste documento, nin tampouco ceder a outros nin sequera a efectos de conservación. Esta obriga subsistirá aínda que se extinga o contrato, ata que a devandita información chegue a ser de dominio público ou que, por outras causas, perda a súa consideración de confidencialidade, sen que medie incumprimento de deber de confidencialidade por calquera das partes contratantes.

A transgresión do deber de confidencialidade por calquera das partes ou polos seus empregados ou colaboradores será xusta causa de resolución do presente contrato, sen prexuízo, en todo caso, da indemnización que polos danos e prexuízos causados ao mesmo, haxa lugar.

A empresa adxudicataria obrígase nos termos previstos polo artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e nos regulamentos de desenrolo da mesma, a garantir a total confidencialidade e seguridade dos datos aos que teña acceso para o seu tratamento, e comprométese a:

- a) Facer uso exclusivo de todos os datos para a finalidade contratada. A empresa adxudicataria non poderá realizar ningún tipo de reprodución nin explotación, salvo autorización escrita da Fundación TIC, a quen lle corresponde a propiedade intelectual dos documentos obtidos.
- b) Non aplicalos ou utilízalos con finalidade distinta á do obxecto do presente contrato, nin comunicalos, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas.
- c) Non manipular, gardar ou utilizar os datos aos que acceda, nin sequera de forma parcial, sen o consentimento expreso da Fundación TIC.
- d) Unha vez concluídos os traballos ou servizos para os que foi contratada, a empresa adxudicataria devolverá todos os ficheiros orixinais que teña no seu poder e devolverá ou destruirá, en presenza de representantes da Fundación TIC, e a opción desta, todas as copias totais ou parciais que tivese que realizar, do mesmo xeito que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento derivado do traballo para o que foi contratado.
- e) Adoptar as medidas de índole técnica e organizativas necesarias que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos a que están expostos, xa proveñan da acción humana ou do medio físico ou natural. En particular, non rexistrará datos de carácter persoal en ficheiros que non reúnan as condicións determinadas pola normativa regulamentaria de desenvolvemento da citada Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.

O incumprimento das obrigas recollidas nesta cláusula por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a administración contratante.

22.4 Outras obrigas de índole laboral e social do adxudicatario configuradas como condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 223.f), as seguintes obrigas.

1. O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que lle corresponderá, a todos os efectos, a condición de empresario. A empresa adxudicataria cumprirá rigurosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal que interveña no servizo de limpeza.
2. Igualmente deberá cumprir co Convenio Colectivo do sector de limpeza de edificios e locais da provincia de Lugo (BOP nº 185 de 13 de agosto de 2013),¹ e as súas posibles modificacións ou revisións. Será de conta do adxudicatario o abono dos salarios e demais conceptos retributivos, así como das cuotas e demais obrigas relativas á Seguridade Social, accidentes de traballo e Mutualidade laboral de todo o persoal empregado na prestación do servizo. Xúntase como ANEXO a este Prego relación do persoal actualmente existente que debe subrogarse, de conformidade co previsto no artigo 13 do Convenio Colectivo do sector de limpeza de edificios e locais da provincia de Lugo (BOP nº 185 de 13 de agosto de 2013) e no artigo 120 do TRLCSP. Consonte ao establecido no artigo 301 do TRLCSP cando se extingan os contratos de servizos non se poderá producir en ningún caso a consolidación das persoas que realizasen os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante. A empresa adxudicataria cumprirá rigurosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal que intervenía no servizo de limpeza. A estes efectos, terá a obriga de presentar todos os meses xunto coa factura, declaración responsable de estar ao corrente de pagamento de salarios, declaración responsable de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e os documentos acreditativos de pago das cotizacións á Seguridade social, documentos TC1 e TC2 do mes anterior ao da facturación, polos empregados que presten os seus servizos durante o mes. Non se dará trámite ás facturas sen esta documentación.
3. Dipor dun Libro de incidencias e un Libro de Matrículas, sendo preceptiva a inscrición no de Matrículas, de aquel persoal que inicia súa actividade laboral por primeira vez. Así mesmo, no Libro de Matrículas, recollerase a relación de traballadores que preseten servizos de limpeza na mesma, con expresión da antigüidade, xornada de traballo.
4. O adxudicatario subrogarase nos dereitos e deberes que tivera recoñecidos as traballadoras que na actualidade prestan servizo na que presta actualmente o servizo na Fundación TIC polo que os traballadores adscritos á empresa saínte (neste caso a propia licitador) pasarán a estar adscritos á empresa que resulte adxudicataria segundo se dispón no Convenio Colectivo do sector de limpeza de edificios e locais da provincia de Lugo (BOP nº 185 de 13 de agosto de 2013). A estes

efectos (acompañase a este prego como Anexo II unha relación dos traballadores actuais deste servizo, centro de traballo e data de antigüidade).

5. A nova adxudicataria do servizo, asemada deberá respetar:
- Todos os dereitos laborais que tivera recoñecidos as traballadores na súa anterior empresa (neste caso a propia Fundación) incluída a antigüidade, sempre que estes proveñan de pactos ou acordos lícitos que se puxesen non seu coñecemento, xunto coa documentación pertinente, ou que ou traballador poida demostrar.
 - O persoal a subrogar deberá manter ás condicións económicas e sociais deste Convenio, se éste fose o que lle é de aplicación á empresa cesante no momento da subrogación, aínda que a empresa cesionaria ou entrante viñese aplicando aos seus traballadores condicións inferiores en virtude dun convenio estatutario de empresa.
 - A aplicación das condicións do convenio coletivo vixente, manteranse ata ou seu vencemento ou ata a entrada en vigor dun novo convenio colectivo provincia ou convenio doutro ámbito que resulte de aplicación á empresa cesionaria.
6. Ao finalizar a concesión da contrata, os/as traballadores da Empresa saínte pasarán a estar adscritos ao novo titular da contrata, quen se subrogará en todos os dereitos e obrigas da anterior adxudicataria con respecto a todos os traballadores (antigüidade, xornada, horario, modalidade das contratacións, calendario de vacacións e representación sindical) calquera que sexa a situación na que se encontren e a modalidade do seu contrato de traballo, coa única excepción daqueles traballadores que fosen incorporados nos últimos meses, se a devandita incorporación non se debese á ampliación da contrata ou a unha esixencia expresa do cliente.

Cunha antelación mínima de 15 días naturais antes da data do termo do seu contrato, a Empresa concesionaria saínte deberá entregar á nova adxudicataria a seguinte documentación:

- Certificado do organismo competente de estar ao día no pagamento da Seguridade Social.
- Fotocopia das últimas nóminas mensuais dos traballadores afectados.
- Fotocopia dos contratos dos traballadores a subrogar
- Relación de persoal na cal se especifique: nome, apelidos, dirección, número de afiliación á Seguridade Social, antigüidade, xornada, horario, modalidade da súa contratación, data do período de vacacións. Cando a empresa concesionaria saínte recibise da empresa ou institución principal a comunicación do termo do seu contrato e a consecuente identificación da nova adxudicataria, todo isto dentro dos referidos 15 últimos días.

A empresa saínte estará así mesmo obrigada a liquidar á entrante as partes proporcionais dos conceptos retributivos dos traballadores co obxecto de que éstos poidan gozar completas as súas vacacións e cobrar íntegramente as pagas correspondentes.

Os traballadores que no momento do cambio de titularidade dun contrato se encontraran enfermos, accidentados ou en excedencia ou situación análoga, pasarán a estar adscrito ao novo titular, quen se subrogará en todos os dereitos e obrigas da empresa saínte.

O contrato de traballo entre a empresa saínte e os traballadores só se extingue no momento no que se produza a subrogación deste por parte dunha nova adjudicataria.

Isto será de obrigado cumprimento para as partes que vincula: por un lado, a empresa cesante e por outro, a nova adxudicataria e persoal.

- a. O incumprimento das condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais no apartado precedente, constitúe causa de resolución contractual, consonte co establecido no art. 223, letra f) do TRLCSP e para os efectos do establecido na cláusula 25 sobre resolución e extinción do contrato.

Non obstante, o órgano de contratación poderá optar por aplicar penalidades (en lugar de tramitar e aplicar devandita cláusula resolutoria), se motivadamente se estimase que as penalidades contribuirán a satisfacer, en maior medida os fins sociais e de protección dos empregados, que con estas cláusulas sociais se perseguen, continuando coa execución do contrato. As penalidades a impoñer polo órgano de contratación, oscilarán, en función da gravidade do incumprimento, entre un 3% e un 10% do presuposto do contrato, conforme co artigo 212.1 do TRLCSP. A resistencia ou reiteración no incumprimento xustificará a graduación na porcentaxe máximo ou próximo ao máximo da penalidade a impoñer. Para a imposición destas penalidades específicas aplicarase o seguinte procedemento:

Os posibles incumprimentos ou faltas que poden dar orixe a unha penalización clasifícanse en MOI GRAVES, GRAVES e LEVES, describíndose a continuación a título orientativo e con carácter non exhaustivo as que corresponden a cada tipo.

FALTAS MOI GRAVES.

Considéranse faltas MOI GRAVES as seguintes:

- A falta de cobertura do servizo polos limpadores/as, que motiven unha quenda completa ao descuberto.
- O incumprimento das obrigas laborais, sociais ou fiscais relativas ao persoal destinado aos servizos contratados, sen que unha vez detectada e notificada por o contratante procedase con carácter inmediato á súa regularización, nos casos en que non motive ou sexa causa de resolución contractual.
- A falsidade ou negativa na subministración de datos técnicos, económicos ou xurídicos, así como relacionados co número e identidade do persoal afecto aos servizos contratados, solicitados polo contratante no exercicio das súas facultades de control e inspección e en poñer obstáculos a este por calquera causa.

FALTAS GRAVES.

Considéranse faltas graves a seguintes:

- Os atrasos dos limpadores, na toma de servizo que motiven períodos de descuberto inferiores a unha xornada completa.
- A non asistencia inxustificada do representante da empresa ás reunións que se convoquen polo responsable do contrato.
- O trato vexatorio da empresa cara aos seus traballadores cando repercute na calidade do servizo.
- A comisión dunha terceira infracción leve.
- O incumprimento das prescricións en materia de recollida selectiva
- A demora no cumprimento do calendario de implantación da recollida selectiva e subministración dos colectores.

- Incumplimento do plan de seguimento e control do servizo.

FALTAS LEVES.

Consideraranse faltas LEVES as seguintes:

- O descoido no aseo persoal.
- O uso incorrecto do uniforme.
- A negligencia no servizo, ou abandonalo por 30 minutos ou máis.
- A utilización de produtos diferentes aos descritos na oferta técnica ou que non sexan respetuosos co medio ambiente.
- Calquera outra que poida afectar á realización do servizo e non se comunicase previamente.

As contías de aplicación a cada unha das faltas, leves, graves e moi graves anteriormente definidas, así como o réxime sancionador e a liquidación das sancións, serán as seguintes:

Faltas LEVES.

O primeiro incumplimento será sancionado con carta de apercibimento. Os sucesivos cunha sanción de 600 euros por cada incumplimento producido e detectado.

Faltas GRAVES.

Unha sanción económica de 3.000 euros por cada incumplimento producido e detectado.

Faltas MOI GRAVES.

O contratante poderá optar entre impoñer unha sanción económica de 3.000 euros a 30.000 euros en función dos prexuízos que se produzan ao contratante e en función das características da falta, ou optar pola resolución do contrato con perda da fianza definitiva, sen prexuízo da reclamación por danos e prexuízos na contía que aquela non cubra o seu importe.

As penalizacións que se impoñan en caso de incumplimento polo adxudicatario de calquera das obrigas que lle incumben conforme ao correspondente contrato, rexeranse polo seguinte procedemento:

- O contratante comunicará por escrito ao adxudicatario a proposta de penalización coa enumeración dos feitos que o motiven.
- O contratista no prazo de CINCO DÍAS HÁBILES dende o recibo do anterior, formulará as alegacións que considere oportunas.
- O contratante unha vez finalizado o prazo anterior, impoñerá ou anulará, no seu caso a penalización proposta, indicándolle un prazo máximo de 10 días para a súa liquidación.

As penalizacións impostas conforme ao procedemento anterior, serán descontadas mediante nota de cargo emitida polo contratante de calquera pendente de aboamento.

VIXÉSIMO TERCEIRA. – PAGAMENTO.

O pagamento do prezo do contrato realizarase contra factura de carácter mensual, ou según o grao de avance na execución do servizo, e logo de informe favorable ou conformidade do responsable do contrato, que reciba ou supervise a correcta execución do mesmo, expedida de acordo coa normativa vixente.

O contratista terá a obriga de presentar a factura expedida á Fundación TIC polos servizos prestados,

ante o rexistro xeral, a efectos da súa remisión ao Servizo de Contabilidade e Contas, rexistro de facturas, debendo constar na factura como órgano con competencias en materia de contabilidade pública e contratación o Sr. Presidente da Fundación TIC, e como destinatario a Xerente da Fundación TIC consonte ao establecido na D.A.33 do TRLCSP.

O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que a devandita cesión produza efectos, e a entidade expida o mandamento de pagamento a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fidedignamente a esta última o acordo de cesión (art. 218 do TRLCSP).

Xunto con cada factura emitida, a empresa adxudicataria presentará:

-Os documentos TC1/TC2 do mes anterior, selados por unha entidade bancaria ou de aforros, necesarios para acreditar á afiliación e cotización a seguridade social dos traballadores adscritos, ao tempo en que presente as facturas para o correspondente pagamento; debendo presentar xunto coa última factura xustificante de cumprimento dos pagamentos aos subcontratistas, de conformidade co establecido no Art. 228 do TRLCSP e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, no suposto que proceda.

-Unha declaración xurada de estar ao corrente de pagamento de salarios e de todas as retribucións que a estos traballadores lles correspondan.

O importe das facturas deberase corresponder coa parte correspondente dos traballos efectivamente executados á data da factura emitida.

A Administración deberá aboar o importe do prezo dentro dos prazos establecidos no artigo 216 do TRLCSP.

Recoñecido o valor legal das facturas emitidas electrónicamente no RD 1496/2003, que aproba o Regulamento sobre as obrigas de facturación, e en atención ao previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, a presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para as Sociedades Anónimas, Sociedades de Responsabilidade Limitada, as Unións Temporais de Empresas, as Agrupacións de Interese Económico (Lei 12/1991, de 29 de abril, de Agrupacións de Interese Económico), as Agrupacións de Interese Económico Europeas (Regulamento (CEE) nº 2137/85 do Consello, de 25 de xullo de 1985), as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española e para os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.

As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, aínda que non están obrigadas, presentarán tamén as facturas emitidas, preferentemente, en formato electrónico.

VIXÉSIMO CUARTA. - MODIFICACIÓN DO CONTRATO

O contrato poderase modificar por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas nos supostos previstos no artigo 107 do TRLCSP, na forma prevista no título V do libro I, e de acordo co procedemento regulado no artigo 211. Nestes casos, as modificacións acordadas serán obrigatorias para os contratistas.

VIXÉSIMO QUINTA. - RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de nos supostos de incumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución (artigo 221 do TRLCSP), acordada pola concurrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 225 e 309 do TRLCSP.

Á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal da entidade contratante. (*art. 301.4 do TR LCSP*).

VIXÉSIMO SEXTA. – RÉXIME DE INVALIDEZ DO CONTRATO.

O réxime de invalidez do contrato será o recollido nos artigos 31 a 36 do TRLCSP.

VIXÉSIMO SÉTIMA. – SUSPENSIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO

Se a entidade acordase a suspensión do contrato ou aquela tivese lugar pola aplicación do disposto no artigo 216 do TRLCSP, levantarase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel (artigo 220 do TRLCSP).

Acordada a suspensión, a entidade aboará ao contratista, no seu caso, os danos e perdas efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán conforme ao disposto no artigo 309.3 do TRLCSP.

VIXÉSIMO OITAVA. - PRAZO DE GARANTÍA. DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

De acordo co artigo 307 do TRLCSP, e dado que a correcta execución dos servizos que constitúen o obxecto do contrato é constatable no mesmo momento da súa execución non se establece prazo de garantía.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultasen responsabilidades que deban exercitarse sobre a garantía definitiva, dítarase acordo de devolución ou cancelación daquela, previa solicitude por parte do contratista (solicitude que se presentará no rexistro da Fundación TIC).

Transcorridos seis meses dende a data de terminación do contrato sen que a recepción formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase (previa solicitude do contratista), sen máis



demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 100 do TRLCSP (artigo 102 TRLCSP).

VIXÉXIMO NOVENA. - PROPOSTAS DE MELLORA OU MODIFICACIÓNS NO SERVIZO.

No suposto que o adxudicatario tivera proposto melloras de índole económica ou técnica no momento de formular a súa oferta e, aínda que as mesmas non fosen determinantes para a adxudicación do contrato, as mesmas terán carácter contractual. Tales melloras, non suporán, en caso ningún, incremento no prezo de adxudicación nin, polo tanto, do contrato. Se tales melloras non estiveran cumpridas expirado o prazo do contrato, o órgano de contratación, a instancia do Responsable do Contrato, poderá esixir a realización das mesmas nos mesmos termos e prazos fixados para o contrato.

TRIXÉSIMA. – SUBCONTRATACIÓN.

O contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato, de conformidade co artigo 227 do TRLCSP, sempre que o importe total das partes a subcontratar non supere o 60 por 100 do importe de adxudicación do contrato. Os contratistas deberán indicar na oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, o nome ou perfil empresarial, definido con referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos contratistas aos que vaia encomendar a súa realización.

Na subcontratación deberán cumprirse as condicións establecidas no artigo 228 bis do TRLCSP (como pacto de dereito privado)

Lugo, 19 de agosto de 2016

O SECRETARIO DO PADROADO, Don Francisco Javier Giménez Miralles

Conforme:
O PRESIDENTE DA FUNDACIÓN TIC,
O PRESIDENTE DO PADROADO
P.D. Resolución do día 18 de xaneiro de 2016
O Padroeiro do Padroado

Asdo: D. Álvaro Santos Ramos



ANEXO I (Incluír no sobre A)

Modelo de declaración de non atoparse en causa de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa Fundación TIC.

D/D^a....., maior de idade, titular do DNI, e actuando en nome propio (ou, de se lo caso, actuando en nome da entidade mercantilcon CIF número.....e con domicilio social en, representación que acredito por medio de escritura deoutorgada diante do Notario de, D/D^a....., o día, e co número de protocolo.....) declaro baixo a miña responsabilidade:

1.- Que non estou incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa Fundación TIC recollidas na lexislación vixente en materia de contratos.

No caso de persoas xurídicas: que os administradores da persoa xurídica que represento non están incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa Fundación TIC das enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.

2.- Que estou o corrente no pago (que a persoa xurídica a que represento está ao corrente no pago) das obrigas tributarias e de seguridade social, nos termos establecidos polos artigos 13 e 14 do RXLC.

3.- Que non teño pendente de pago (que a persoa xurídica a que represento non ten pendente de pago) ningunha débeda en período executivo coa Deputación de Lugo.

4.- Estar dada de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato e non ter causado baixa no mesmo.

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a presentación na licitación para a adxudicación mediante procedemento aberto e trámite urxente, do contrato do servizo de limpeza das instalacións da Fundación TIC-Escola de Imaxe e Son e Centro de Producción de Programas, expediente EXP01-FTIC16-SE-NSO.

Lugar, data e sinatura



ANEXO II (Incluir no sobre A)

Modelo de declaración responsable

D/Dª....., maior de idade, titular do DNI, e actuando en nome propio (ou, de se lo caso, actuando en nome da entidade mercantil),con CIF número.....e con domicilio social en, declaro baixo a miña responsabilidade:

Que cumpro as condicións establecidas legalmente para contratar coa Fundación TIC (que a persoa xurídica a que represento cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Fundación TIC) , incluídas as condicións de capacidade e solvencia recollidas na cláusula sétima do prego de cláusulas administrativas e nos apartados 3º e 4º da cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a presentación na licitación para a adxudicación mediante procedemento aberto e trámite urxente, do contrato do servizo de limpeza das instalacións da Fundación TIC-Escola de Imaxe e Son e Centro de Producción de Programas, expediente EXP01-FTIC16-SE-NSO convocado pola Fundación TIC.

Lugar, data e sinatura

ANEXO III: MODELO DA PROPOSICIÓN ECONÓMICA (Incluír no sobre B)

<<D/Dª _____, con domicilio en _____ (localidade, C.P. e provincia), rúa /praza _____ nº ____ teléfono _____ e Fax _____, co D.N.I. (ou Pasaporte ou Documento que o substitúa) Nº ____, actuando no seu propio nome (ou na representación de _____ co D.N.I. ou C.I.F. Nº _____, e domicilio a efectos de notificación en - rúa/praza, nº, localidade, CP, provincia-, nº de teléfono ____ e Fax ____), (1) toma parte no procedemento aberto e trámite urgente para a adxudicación do contrato do servizo de limpeza das instalacións da Fundación TIC-Escola de Imaxe e Son e Centro de Produción de Programas, expediente EXP01-FTIC16-SE-NSO, convocado pola Fundación TIC, e para o que fai constar expresamente, que:

1. Acepta tomar parte no referido procedemento, estando de acordo coas condicións previstas pola Fundación TIC.
2. Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexen na contratación e mailos seus Anexos, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos neses documentos, sen excepción ningunha.
3. Ofrece o prezo seguinte:

A cantidade de _____ euros, aos que haberá que engadir _____ euros en concepto de IVE (_____ %), o que ascende a un total de _____ euros.

4. Comprométese a prestar os servizos obxecto do contrato nun prazo máximo de..... días.
5. Se compromete e obriga expresamente a presentar no Rexistro Xeral da Fundación TIC, e dentro do prazo máximo de dez días hábiles dende recibida a comunicación sobre a proposta de adxudicación, a documentación á que fai referencia á Cláusula 17 do referido prego.

En _____, __ de _____ de 2016_.

O CONTRATISTA

(Sinatura do representante legal e selo da empresa)

ANEXO IV: MODELO DE AVAL (GARANTÍA DEFINITIVA)

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), con CIF , e con domicilio a efectos de notificacións e requirimentos na (rúa/praza/avenida, código postal, localidade), e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrigala neste acto, segundo resulta da verificación de suficiencia (bastanteo) de poderes que se reseña na parte inferior deste documento,

AVALA a: (nome e apelidos ou razón social do avalado), con CIF/NIF , en concepto de garantía definitiva en virtude do disposto polo artigo 95 do TRLCSP para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato), ante a Fundación TIC, por importe de: (en letra y en cifra).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Este aval outórgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pago ao primeiro requirimento da Fundación TIC, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos do sector público, nas súas normas de desenvolvemento e na normativa reguladora da Caixa xeral de depósitos.

O presente aval estará en vigor ata que a Fundación TIC, ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para isto autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido no TRLCSP e lexislación complementaria.

(Lugar e data)

(razón social da entidade)

(firma dos apoderados)

Verificación de suficiencia (Bastanteo de poderes pola Asesoría Xurídica da C.X.D. ou Avogacía do Estado)		
Provincia	Data	Número ou código



ANEXO V: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE EXENCIÓN DO PAGO DO IAE

D/D^a....., maior de idade, titular do DNI....., e actuando en nome propio (ou, de se lo caso, actuando en nome da entidade mercantil),con CIF número.....e con domicilio social en, declaro baixo a miña responsabilidade:

1. Que a empresacon CIF....., está dada de alta na Axencia Tributaria en/nos epígrafes/s, e está exenta do pago do IAE no exercicio....., en/nos epígrafes.....de conformidade co artigo 82, apartado 1, letra c do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Para que así conste, asino a presente declaración.